



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Secretaría Xeral

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDAN OS SISTEMAS DE NOTIFICACIÓN
ELECTRÓNICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, supuxo un definitivo avance no uso de medios electrónicos no ámbito das Administracións Públicas ao establecer que a tramitación electrónica debe ser a forma habitual de funcionamento destas e da súa relación cos cidadáns. Sobre esa premisa a Lei ordénase cara a unha administración totalmente electrónica, interconectada e transparente, que permita axilizar os procedementos administrativos e reducir os tempos de tramitación.

A Lei 39/2015 configura como preferentes as notificacións realizadas electronicamente. Ao mesmo tempo establece a obrigaón de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas ás persoas xurídicas, ás entidades sen personalidade xurídica e a quen exerza unha actividade profesional que requira previa colexiación, entre outros colectivos, e como potestativa para as persoas físicas.

Ademais, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, atribúe ás Administracións Públicas a facultade de establecer regulamentariamente a obrigaón de relacionarse con elas por medios electrónicos e, en concreto, de practicar as notificacións por esta vía respecto a determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado o seu acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios. Fóra destes supostos, as persoas físicas poderán elixir en todo momento a forma de relacionarse coas administracións públicas no exercicio dos seus dereitos e obrigaóns, xa sexa a través de medios electrónicos ou non.

A Ordenanza de Administración electrónica da Excma. Deputación provincial da Coruña sinala que¹:

¹ Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 56 do 23/03/2016)
https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2016/03/23/2016_0000002018.pdf



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Secretaría Xeral

Artigo 21. Carpeta cidadán

[...]

4. A práctica das notificacións por medios electrónicos poderán realizarse na carpeta cidadá

Artigo 66.-Obrigatoriedade da comunicación a través de medios electrónicos.

- 1. A obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos cos órganos da administración local ou os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, nos supostos dispostos no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, poderá establecerse mediante a resolución de Presidencia ou acordo plenario. Esta obrigaón pode comprender, no seu caso, a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos que se especifiquen, así como a necesaria utilización dos rexistros electrónicos que se especifiquen.*
- 2. No acordo que estableza a dita comunicación especificaranse as comunicacións ás que aplique, o medio electrónico que se trate e os suxeitos obrigados. O devandito acordo deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia*

Artigo 77.- Elaboración de notificacións

[...]

2. Unha vez elaborada a notificación, esta será enviada ao rexistro pola plataforma de tramitación, e será posta ao dispor dos destinatarios por medios electrónicos ou ben remitida ao correspondente servizo de notificacións, ...

En aplicación da referida Ordenanza vense establecendo a obriga de relacionarse electronicamente en todos os seus trámites para certos colectivos de persoas físicas, como as solicitantes de subvencións ou as persoas que concorren aos procedementos de selección de persoal.

De conformidade co artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as notificacións por medios electrónicos practícaranse mediante comparecencia na sede



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Secretaría Xeral

electrónica da Administración actuante, a través da dirección electrónica habilitada única ou mediante ambos sistemas, segundo dispoña cada Administración.

Ata a data, as notificacións electrónicas que ven facendo a Deputación Provincial da Coruña realízanse con carácter xeral mediante comparecencia na sede electrónica, máis, pola especialidade na xestión dos procedementos dos que traen causa, as notificacións da área de xestión tributaria (agás as sancións de tráfico por delegación dos concellos da provincia que se realicen na Dirección Electrónica Viaria –DEV–) comezarán a realizarse a través da Dirección Electrónica Habilitada Única –DEHú–.

Por todo o anterior, de conformidade cos artigos 21 e 66 e a disposición adicional da Ordenanza de Administración electrónica da Excm. Deputación provincial da Coruña, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Establecer que as notificacións electrónicas da Deputación provincial da Coruña, de conformidade co previsto nos artigos 14, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, realízanse mediante o sistema de comparecencia na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na dirección electrónica <https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/> salvo aqueles casos en que se trate de relacións xurídicas para as que se estableceu ou se estableza outro sistema de notificación electrónica.

SEGUNDO.- En ningún caso efectuaranse por comparecencia na sede electrónica as notificacións e/ou comunicacións seguintes:

a) As notificacións realizadas no seo dos procedementos de xestión, inspección e recadación de tributos e demais ingresos de dereito público, que se realizarán, a partir do 1 de xuño de 2022, a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://www.dacoruna.gal/servizos-tributarios/oficina-virtual>) e a través do servizo de notificacións electrónicas da Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú), no que se integrará esta Administración e tenderán a facelo o resto de organismos públicos para facilitar aos cidadáns o acceso e comparecencia ás notificacións emitidas polas diferentes Administracións Públicas integradas no servizo, como punto de notificación único.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Secretaría Xeral

b) As notificacións realizadas no seo de procedementos sancionadores en materia de tráfico delegadas polos concellos da provincia, que se realizarán a través da Dirección Electrónica Viaria –DEV– naqueles casos en que sexa preceptivo de conformidade cos artigos 60 e 90.1 do Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro.

c) As comunicacións dirixidas a outras Administracións Públicas no seo de relacións interadministrativas, nas que se utilizará, sempre que estea habilitado, o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) ou a canle específica que estea legalmente establecida (Sistema RED-Seguridade Social, comunicacións coa AEAT, co Portal de EELL e Eido Local e as realizadas entre administracións en supostos de intercambio/interoperabilidade de datos a través de contornas seguras entre distintas entidades ou administracións públicas, etc.), ou no caso da Administración de Xustiza, coa que as comunicacións se realizarán a través de LexNET e/ou INSIDE, ou as canles específicas que en cada momento se determinen. Quedan expresamente excluídas as relacións tributarias ou sancionadoras de tráfico, é dicir, aquelas nas que as Administracións Públicas actúen como interesadas nos procedementos tributarios ou sancionadores de tráfico, as cales non poderán ir por SIR en ningún caso.

TERCEIRO.- Declarar como obrigados a recibir por medios electrónicos as notificacións que, no exercicio das súas competencias, lles dirixa a Excmá. Deputación Provincial da Coruña, máis aló dos obrigados legais, en aplicación da habilitación outorgada por Lei 39/2015, do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e da Ordenanza de Administración electrónica de Deputación Provincial da Coruña:

a) Ás persoas físicas non obrigadas que se adheriron voluntariamente ao sistema de notificación electrónica, que quedarán obrigadas a recibir as notificacións electrónicas desde o momento da súa incorporación ao devandito sistema.

Con todo, en calquera momento poderán manifestar a través de devandito servizo a súa vontade de que as notificacións sucesivas deixen de practicarse exclusivamente por medios electrónicos, coa eficacia prevista no art. 3.2 do RD 203/2021.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Secretaría Xeral

En todo caso, as notificacións que se practiquen por medios non electrónicos a persoa físicas, tamén se poñerán ao dispor dos seus destinatarios na sede electrónica ou a través da Dirección Electrónica Habilitada Única –DEHÚ– para que poidan acceder ao seu contido de maneira voluntaria, despregando os correspondentes efectos.

b) Ás persoas físicas non incluídas no parágrafo a) que sexan solicitantes ou perceptoras dalgunha subvención da Excm. Deputación provincial da Coruña que se inician e xestionan exclusivamente por medios electrónicos.

c) Ás persoas físicas non incluídas no parágrafo a) que concorran a procedementos de selección ou provisión de persoal da Excm. Deputación provincial da Coruña que se inician e xestionan exclusivamente por medios electrónicos.

CUARTO.- Non efectuar por medios electrónicos as seguintes notificacións:

a) Aquelas nas que o acto para notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.


b) As que conteñan medios de pago a favor dos interesados, tales como cheques.

c) As que, conforme á súa normativa específica, deban practicarse no domicilio do interesado ou noutro lugar sinalado para o efecto por dita normativa, ou en calquera outra forma non electrónica.

QUINTO.- Permitir a práctica das notificacións por medios non electrónicos, aínda cando se trate de suxeitos obrigados ou subscritos a recibilas por medios electrónicos, nos seguintes casos:

a) Cando se realicen con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.

b) Cando, para asegurar a eficacia da actuación administrativa, resulte necesario practicar a notificación ou comunicación por entrega directa dun empregado público da administración notificante.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Secretaría Xeral

c) Cando resulten incompatibles coa inmediatez ou celeridade que requira a actuación administrativa para asegurar a súa eficacia.